

EPS/cl

INSTRUCCIÓN DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN EDUCATIVA
SOBRE OS CRITERIOS DE XUSTIFICACIÓN POR FALTA DE ASISTENCIA DO
PROFESORADO

Ante as consultas efectuadas en esta Subdirección Xeral sobre os criterios de xustificación de faltas de asistencia do profesorado, ésta estima da-las seguintes instrucións:

1).- A Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria e a Orde do 1 de Agosto de 1997, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, establecen claramente os criterios de xustificación de faltas do profesorado; a primeira delas baixo o título "Control de puntualidade e asistencia" (Capítulo V.3) e a segunda baixo o de "Permisos e Licencias" (artigos 95 a 101).

2).- Aínda que en ámbalas dúas Orden están definidos con precisión os permisos e licencias que corresponden ó profesorado, parece que existen distintos criterios á hora de considerar ou catalogar determinadas faltas. Estas son fundamentalmente as motivadas por unha previa cita médica, visitas a especialistas médicos, urxencias ou análises, englobadas ás veces no concepto de permiso por deber inexcusable contemplado no artigo 70.2 da Lei 4/1988, ou ben no concepto de imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves contemplados na Orde do 27 de xaneiro de 1994 (DOG do 25 de febreiro), pola que se modifica o apartado 3.7.2. da Orde do 24 de xullo de 1991 (DOG do 28 de agosto).

3).- O concepto de deber inexcusable de carácter público ou persoal, regulamentado no citado artigo 70.2 da Lei 4/1988, ten que interpretarse de modo restrictivo e, como sinalan as dúas Ordes citadas, enténdese como a "obriga que incumbe a unha persoa de xeito que o seu incumprimento será unha responsabilidade de carácter penal, civil ou administrativo".


Resulta evidente que a asistencia a unha consulta médica, urxencia ou análise, non se pode catalogar dentro deste concepto de deber inexcusable.

4).- As faltas de asistencia do profesorado motivadas por tales situacións (cita médica, visitas a especialistas médicos, urxencias ou análises) teñen ou ben o carácter de imprevisto, ou de indisposición, ou de enfermidades leves, ou de atención a necesidades indefinidas; as xustificacións das cales poderán ser aceptadas polo director ata un máximo de 24 periodos lectivos durante o curso escolar no caso do profesorado de ensinanza secundaria e de ata un máximo de 30 periodos lectivos no caso de profesorado de educación infantil e primaria.

5).- Non obstante, existen determinadas circunstancias que é preciso considerar. As ausencias ó traballo motivadas por consultas médicas, que poidan realizarse sen inconveniente algún en horario non lectivo, serán computadas dentro do máximo de 24 ou 30 periodos lectivos. No suposto contrario, é dicir cuando a consulta médica non poida realizarse en horario non lectivo, o Director deberá acepta-la xustificación de ausencia ó traballo, sen que este tempo sexa computable nos 24 ou 30 periodos lectivos.

6).- No caso de tratamentos médicos periódicos motivados por unha enfermidade, o Director do centro informará de tal circunstancia ó Delegado Provincial de Educación. Éste previo informe da inspección educativa, e unha vez comprobado que tal tratamento non pode ser atendido fora do horario lectivo do profesorado, resolverá se as citadas faltas poideran ser xustificadas polo motivo de enfermidade.

Santiago de Compostela a 3 de maio de 1998
O SUBDIRECTOR XERAL DE INSPECCIÓN,



Asdo: Emilio Pérez Sánchez.

ILMO. SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DE A CORUÑA.